

ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA da Asociación cívico-cultural Terra de Outes, celebrada no local social de Outes. Sábado, 21 de xaneiro de 2017

Sendo as 14:30 horas do día 21 de xaneiro de 2017, no local social de Outes, reúnese en segunda convocatoria, en asemblea xeral extraordinaria, a asociación cívico-cultural Terra de Outes.

Asisten: Xoán Mariño, Paz González, Xesús Mato, Lidia Vicente, Xosé Dios, Vicente Abelleira, Xosefa Alborés, Rafael Fontenlos, Xosé Manuel Vázquez, Ricardo Rodríguez, José Antonio García, Alejandro Pombo, Luísa Baña, Manuel Prol, Enrique Vidal, Domingo Campos, Berta Nieto e Ramón Blanco.

Como primeiro e único punto, o presidente, Xoán Mariño, explica a proposta da modificación dos estatutos da Asociación Cívico-cultural Terra de Outes, concretamente do Artigo 5º, punto *f*, que actualmente contén o seguinte texto:

“f.- Aproveitamento, promoción e conservación das potencialidades do entorno dende a perspectiva da intervención e creación cultural do patrimonio do medioambiente e do desenvolvemento”.

A Xunta Directiva propón que a partir de agora sexa:

“f.- Aproveitar, promover e conservar as potencialidades do contorno dende a perspectiva da intervención e creación cultural do patrimonio, do medioambiente e do desenvolvemento”.

E que se introduza un novo punto co seguinte texto:

“g.- Conservar e promover o patrimonio marítimo-fluvial, histórico-artístico, natural e inmaterial”.

En consecuencia, o anterior punto *g* pasaría a ser punto *h*: “Fomentar a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, inmigrantes, discapacitados/as, 3ª idade...”.

Indica Xoán Mariño que estes cambios, ademais de melloraren a redacción do punto *f* (facéndoo máis claro e coherente), teñen como única motivación explicar mellor os nosos fins na conservación e promoción do patrimonio, en previsión de que sexa necesaria a constancia documental para a tramitación dalgún subsidio, como pode acontecer cos que solicitemos para as embarcacións tradicionais.

Apróbase a modificación por unanimidade.

Sen ningún outro particular que tratar, levántase a sesión sendo as 14:36 horas, do cal dou fe como secretario.

En Outes, a 21 de xaneiro de 2017.